



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Descrición decreto: OFERTA DE CONTRATACIÓN PARA O POSTO DE ASESORA XURÍDICA DO CIM COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL (BOLSA DE EMPREGO)

DON XOAN XESÚS CARRIL RAMOS, Alcalde-Presidente do Concello de Arzúa (A Coruña)

Visto que no BOP do Xoves 15 DE Febreiro de 2024 | BOP NÚMERO 33 saíu publicado o ANUNCIO DE CONVOCATORIA E BASES PARA CONSTITUÍR UNHA UNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA OS POSTOS DE ASESOR/A XURÍDICO/A E PSICÓLOGO/A PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DO CONCELLO DE ARZÚA.

Visto decreto n.º 258/2024 de data 07/05/2024, da lista definitiva dos aspirantes e data de constitución tribunal e valoración de méritos.

Vista as actas do tribunal n.º 1 de data 16/05/2024, acta n.º 2 de data 29/05/2024 e acta n.º 3 de data 19/06/2024, que constan no expediente TEDEC 2024/E001/000002 e publicadas no taboeiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

Visto os resultados totais sinalados polo tribunal de selección na acta n.º 3 de data 19/06/2024 que por unanimidade dos seus membros presentes con dereito a voto, acordan propoñer á alcaldía a aprobación da seguinte bolsa:

N.º	Nome e apelidos	PUNTUACIÓN
1	XIOMARA ERLINDA LAZO FUENTES	55,90
2	INÉS RODRIGUEZ LEIRA	37,85

Visto que se estableceu un prazo de tres días a contar dende a publicación da presente acta para que as interesadas poidan presentar as alegación que estimen oportunas ás puntuacións outorgadas, e visto que no prazo indicado non houbo ningunha alegación.

Visto o decreto n.º 457/2024 de data 27/06/2024 da aprobación da bolsa de emprego de persoal laboral temporal para os postos de asesor/a xurídico, e vista a dilixencia de chamamentos de data 04/07/2024, onde a primeira candidata manifestou a renuncia por estar en activo, do cal presentou por rexistro a xustificación, e procedeuse o chamamento da segunda aspirante da bolsa a Dna Inés Rodríguez Leira, a cal manifesta que está interesada.

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en uso das facultades outorgadas legalmente

polo artigo 21.1. h) da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Proponer a Inés Rodríguez Leira como persoal laboral temporal para o posto de asesora xurídica do CIM .

SEGUNDO- Según a base décimo quinta das bases, previamente á sinatura do correspondente contrato, a candidata seleccionada deberá achegar ao Departamento de Secretaría, no prazo de 3 días contados dende o seguinte ao da publicación deste decreto no Taboleiro de anuncios, a seguinte documentación:

1. Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a; sen prexuízo dun posterior recoñecemento.
2. Declaración expresa de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
3. Declaración expresa de non estar incurso en causa de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.

TERCEIRO- Notificar éste decreto á interesada, publicando o mesmo no Taboeiro de anuncios do Concello de Arzúa (<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/informacion>) .

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O Alcalde-Presidente
Asdo: XESÚS XOÁN CARRIL RAMOS

Dou fe, o secretario
Asdo: ALFONSO MANUEL ALCALÁ PÉREZ